

# **Ciencias da Natureza**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022-2023**

**6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**CEIP AREALONGA**

## Obxectivos en clave de Competencias do Sexto Curso

1. Coñecer, a través da investigación e a experimentación, as propiedades dos materiais de uso común, así como o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, o magnetismo e a electricidade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
2. Realizar sinxelas experiencias para estudar as reaccións químicas, os comportamentos das mesturas, explicando de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido, e respectando e valorando as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e materiais de traballo. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
3. Diseñar obxectos e aparellos cunha finalidade, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, así como principios básicos da electricidade e da transmisión da corrente eléctrica, e valorar a súa utilidade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
4. Coñecer as achegas de investigadores, científicos e inventores ao longo da historia para o progreso da ciencia. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía ).*
5. Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, os órganos e os sistemas e aparatos do corpo humano e a súa relación coas funcións vitais. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
6. Identificar e adoptar hábitos saudables, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e os sistemas do corpo humano. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
7. Coñecer diferentes niveis de clasificación da materia viva, empregando instrumentos e medios tecnolóxicos con certa precisión e rigor, e aplicando os principios de seguridade. *(Matemática. Ciencia e tecnoloxía).*
8. Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e os seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento do contorno natural. *(Sociais e cívicas).*

9. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (*Comunicación lingüística*).
10. Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico. (*Dixital*).
11. Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás. (*Iniciativa e espírito emprendedor*).
12. Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun proxecto común. (*Sociais e cívicas*).
13. Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto tanto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os provocados a partires de pequenos experimentos ou experiencias. (*Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa e espírito emprendedor; Aprender a aprender*).

## Secuencia e temporalización de Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliados de Sexto Curso

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES

### **Contidos**

#### **Bloque 1. Iniciación á actividade científica 1.**

Iniciación á actividade científica.

Aproximación experimental a algunhas cuestións.

2. e 3. Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros).

Utilización das TIC (tecnoloxías da información e da Comunicación) para buscar e seleccionar información, e presentar conclusións.

4. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.

Traballo individual e en grupo.

Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

### **Criterios de avaliación**

1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.

2. Establecer conxecturas respecto tanto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que son provocados a

Respecto das normas de uso, de seguridade e de mantemento de instrumentos de observación e dos materiais de traballo. partir dun experimento ou unha experiencia.

5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou imaxes etc.). Xestión de ficheiros.

6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.

7. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes ~~sofes~~ <sup>formas</sup>.

3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.

4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso axeitado dos materiais.

5. Traballar de forma autónoma o tratamento de textos.

6. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma

natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.

7. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolve: 4,5 e 6
<b>Contidos</b>	<b>Crterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<p><b>Bloque 3. Os seres vivos</b></p> <p>1. Estrutura dos seres vivos: a célula. Estrutura dos seres vivos: células (descrición da súa estrutura; tecidos: tipos; órganos: principais características e funcións; aparatos e sistemas: compoñentes e funcionamento). Os seres vivos: características, clasificación e tipos. Os animais vertebrados e invertebrados. As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.</p> <p>2. Niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos</p>	<p>1. Coñecer a estrutura dos seres vivos (células), describindo a súa estrutura; tipos de tecidos; principais características e funcións dos órganos; compoñentes e funcionamento de aparatos e sistemas.</p> <p>2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos atendendo ás súas características e tipos</p>	<p>1.1. Identifica e describe as principais características e funcións das células.</p> <p><b>1.2. Describe e debuxa a estrutura básica da célula.</b></p> <p><b>1.3. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</b></p> <p>1.4. Coñece e explica as características e funcións principais dos aparatos e sistemas; identifica os seus compoñentes e explica o seu funcionamento.</p> <p><b>1.5. Identifica as características e clasifica os seres vivos nos distintos reinos.</b></p> <p>1.6. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.</p> <p><b>1.7. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.</b></p> <p><b>2.1 Identifica os cinco reinos e clasifica os seres vivos segundo as súas características en cada reino.</b></p> <p><b>2.2 Observa directa e indirectamente e clasifica os seres vivos en diferentes</b></p>



<p>3. Niveis de clasificación na materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.</p>	<p>3. Coñecer diferentes niveis de clasificación na materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.</p>	<p><b>tipos, segundo as súas características</b></p> <p>3.1. Observa imaxes, identifica e clasifica a materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos.</p>
<p>4. Uso da lupa e doutros medios tecnolóxicos. Interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos. Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>	<p>4. Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, e mostrando interese pola observación e o estudo de todos os seres vivos, así como hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>	<p>4.1. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.</p> <p><b>4.2. Mostra unha certa precisión e rigor na observación e na elaboración dos traballos.</b></p> <p><b>4.3. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos. Comunica os resultados de forma oral e escrita, e manifesta interese pola súa observación e estudo.</b></p> <p>4.4. Usa instrumentos e materiais de traballo na aula e no centro, aplicando os principios de seguridade.</p>

TERCEIRO TRIMESTRE

**Unidades didácticas** en que se desenvolve:  
7, 8 e proxecto do xoguete eléctrico

<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<p><b>Bloque 4. Materia e enerxía</b></p> <p>1. A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p>	<p>1. Planificar e realizar experiencias diversas para estudar a luz como fonte de enerxía. A electricidade: a corrente eléctrica. Os circuitos eléctricos. O magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p>	<p><b>1.1. Observa, identifica e explica as principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química.</b></p> <p><b>1.2. Observa a luz como fonte de enerxía. A electricidade: a corrente eléctrica. Os circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</b></p> <p>1.3. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao</p>
<p>Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. Fontes de enerxías renovables e nonrenovables.</p> <p>2. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p>	<p>2. Coñecer as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p>	<p>coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.</p> <p><b>1.4. Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non-renovables: esgotamento, chuva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.</b></p> <p>2.1. Planifica e realiza experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p> <p>2.2. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou</p>

<p>3. e 4. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).</p>	<p>3. Observar algúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). 4. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.</p>	<p>no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.</p> <p><b>3.1. Observa de maneira sistemática, percibe e describe os efectos da calor no aumento da temperatura e a dilatación.</b></p> <p><b>4.1. Observa para estudar a atracción e repulsión de cargas eléctricas.</b></p> <p>5.1. Realiza sinxelas experiencias para separar os compoñentes dunha mestura</p>
<p>5. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</p> <p>6. Os cambios de estado. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<p>5. Realizar experiencias para separar os compoñentes dunha mestura.</p> <p>6. Realizar experiencias para estudar as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<p>mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. Comunica de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido.</p> <p><b>5.2. Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.</b></p> <p><b>6.1. Observa as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</b></p> <p><b>6.2. Comunica de forma oral e escrita o proceso e o resultado obtido nas diferentes experiencias.</b></p> <p>6.3. Respecta e valora as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no</p>

<p>7. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>	<p>7. Coñecer e valorar a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>	<p>centro.</p> <p>7.1. Coñece e valora a utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p>
<p><b>Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas</b></p>	<p>1. Coñecer os principios básicos da electricidade e da transmisión da corrente</p>	<p><b>1.1. Identifica e explica algúns efectos da electricidade.</b></p> <p><b>1.2. Pon exemplos de materiais condutores e illantes, explicando e argumentado a súa exposición.</b></p>
<p>1.A electricidade no desenvolvemento das máquinas. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade</p>	<p>eléctrica e os que rexen as máquinas e os aparellos.</p>	<p><b>1.3. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.</b></p> <p><b>1.4. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.</b></p> <p><b>1.5. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.</b></p> <p>1.6. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</p> <p>1.7. Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).</p>

<p>2.      Circuitos eléctricos sencillos.</p> <p>3.      Efectos da electricidade. Condutores e illantes.</p>	<p>2.      Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados; realizando o traballo individual e en equipo, e proporcionando información sobre as estratexias empregadas.</p> <p>3.      Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre a transmisión da corrente eléctrica.</p>	<p>2.1. Constrúe un circuito eléctrico sinxelo, identifica os seus elementos e aplica os principios básicos da electricidade e a transmisión da corrente eléctrica.</p> <p><b>3.1. Realiza pequenas investigacións sobre a transmisión da corrente eléctrica, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando, extraendo conclusións, comunicando</b></p>
<p>A relación entre electricidade e magnetismo.</p>		<p><b>resultado e aplicando os coñecementos fundamentais das leis básicas que rexen este fenómeno.</b></p>

## Criterios de promoción de Sexto Curso

### Perfil Competencia: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

#### 6.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
CN	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais; analízaa; extrae conclusións; comunica a súa experiencia; reflexiona sobre o proceso seguido, e comunícao oralmente e por escrito.
CN	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
CN	Expón oralmente de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
CN	Presenta as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa, en soporte papel e dixital.
CN	Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando as conclusións de forma oral e escrita.
CN	Realiza un proxecto traballando de forma individual ou en equipo, e presenta un informe utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios, e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN  
CIENCIA E TECNOLOXÍA**

**6.º Educación Primaria**

<b>Área</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
CN	Utiliza medios propios da observación.
CN	Utiliza de maneira adecuada o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.
CN	Realiza un proxecto traballando de forma individual ou en equipo, e presenta un informe utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios, e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.
CN	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor), nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor) e reprodución (aparato reprodutor).
CN	Identifica e describe as principais características das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución.
CN	Identifica as principais características dos aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor, e explica as principais funcións.
CN	Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
CN	Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicamento, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).
CN	Coñece e utiliza técnicas de primeiros auxilios en situacións simuladas e reais.
CN	Identifica, explica e clasifica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.
CN	Identifica, describe e relaciona a estrutura dos seres vivos (células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas), identificando as principais características e as funcións de cada un deles.
CN	Observa e identifica as características, e clasifica os seres vivos: reino animal, reino das plantas, reino dos fungos e outros reinos.



CN	Observa directa e indirectamente, identifica características, e recoñece e clasifica os animais invertebrados.
CN	Observa directa e indirectamente, identifica características, e recoñece e clasifica os animais vertebrados.
CN	Observa directa e indirectamente, identifica características e clasifica as plantas.
CN	Utiliza guías na identificación dos animais e plantas.
CN	Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
CN	Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias, poboacións, comunidades e ecosistemas.
CN	Identifica e explica, oralmente e por escrito, algunhas das causas da extinción de especies.
CN	Observa, identifica e compara as características e os compoñentes dun ecosistema.
CN	Recoñece e explica algúns ecosistemas (pradaría, charca, bosque, litoral e cidade) e os seres vivos que habitan neles.
CN	Observa, identifica e relaciona diferentes hábitats dos seres vivos.
CN	Manifesta unha certa precisión e rigor na observación e na elaboración dos traballos
CN	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos axeitados, e comunicando os resultados de maneira oral e escrita.
CN	Observa, identifica, describe e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).
CN	Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa e o volume dun corpo.
CN	Identifica e explica fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade.
CN	Identifica, explica e compara as principais características da flotabilidade nun medio líquido.

CN	Coñece e explica as leis básicas que rexen fenómenos tales como a reflexión da luz e a transmisión da corrente eléctrica.
CN	Coñece as leis básicas que rexen o cambio de estado e as reaccións químicas (a combustión, a oxidación e a fermentación).
CN	Planifica e realiza sinxelas experiencias, e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía; comunica o proceso seguido e o resultado obtido.
CN	Identifica, explica e relaciona algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química.
CN	Identifica e explica algunhas das principais características das enerxías renovables e non-renovables, identificando as diferentes fontes de enerxía e materias primas, así como a orixe da que proveñen.
CN	Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía (esgotamento, chuvia ácida, radioactividade), expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.
CN	Realiza experiencias sinxelas para separar os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución, comunicando de forma oral e escrita o proceso seguido e o resultado obtido.
CN	Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CN	Observa de maneira sistemática, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e a dilatación dalgúns materiais.
CN	Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
CN	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións, comunicando resultados, manifestando competencia en cada unha das fases, así como no coñecemento das leis básicas que rexen os fenómenos estudados.
CN	Investiga, a través da realización de experiencias sinxelas, para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos tales como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, o cambio de estado e as reaccións químicas (a combustión, a oxidación e a fermentación).
CN	Identifica diferentes tipos de máquinas, e clasifícaaas segundo o número de pezas, a maneira de accionalas e a acción que realizan.

CN	Observa, identifica, describe e relaciona algúns dos compoñentes das máquinas.
CN	Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e aparellos, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
CN	Observa e identifica os elementos dun circuío eléctrico, e constrúe un.
CN	Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade.
CN	Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.
CN	Observa e identifica as principais características dos imáns, e relaciona a electricidade e o magnetismo.
CN	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais; analízaa; extrae conclusións; comunica a súa experiencia; reflexiona sobre o proceso seguido, e comunícao oralmente e por escrito.
CN	Expón oralmente de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
CN	Recoñece e relaciona estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos e aparatos.
CN	Identifica e valora hábitos saudables para previr enfermidades, e mantén unha conduta responsable.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA DIXITAL**  
**6.º Educación Primaria**

Área	Estándar de aprendizaxe
CN	Usa de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións, gráficos ou notas etc.).
CN	Fai un uso axeitado das TIC como recurso de lecer.
CN	Coñece e utiliza as medidas de protección e seguridade persoal que se deben utilizar no uso das TIC ao seu alcance.
CN	Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos nos diferentes traballos que realiza.
CN	Efectúa procuras guiadas de información na Rede.
CN	Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo en Internet.
CN	Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
CN	Presenta as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa en soporte papel e dixital.
CN	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, e comunicando de maneira oral e escrita os resultados.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER 6.º  
Educación Primaria**

<b>Área</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
CN	Desenvolve estratexias adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
CN	Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións, expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións, e comunicando os resultados.
CN	Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz.
CN	Reflexiona sobre o traballo realizado, extrae conclusións sobre como traballa e aprende, e elabora estratexias para seguir aprendendo.
CN	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas.
CN	Manifesta e desenvolve a iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
CN	Planifica de forma autónoma e creativa actividades de lecer e tempo libre, individuais e en grupo, que repercutan positivamente na súa maneira de vida.
CN	Utiliza guías na identificación de animais e plantas.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

### 6.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
CN	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, e mostra iniciativa na toma de decisións.
CN	Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).
CN.	Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico, e constrúe un.

**Perfil Competencia: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**  
**6.º Educación Primaria**

<b>Área</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
CN	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CN	Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.
CN	Recoñece e relaciona estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos e aparatos.
CN	Identifica e valora hábitos saudables para previr enfermidades, e mantén unha conduta responsable.
CN	Identifica e adopta hábitos de hixiene, coidado e descanso no seu día a día.
CN	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas, sobre todo en idades temperás.
CN	Identifica, comprende e describe emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.
CN	Planifica de forma autónoma e creativa actividades de lecer e tempo libre, individuais e en grupo, que repercutan positivamente no seu modo de vida.
CN	Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
CN	Respecta e comprende as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
CN	Coñece, comprende e respecta as normas de uso, seguridade e conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.
CN	Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
CN	Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.
CN	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e a vida cotiá, os medicamentos, a cultura e o lecer, a arte, a música, o cinema e o deporte, e as TIC.
CN	Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.

CN	Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicamentos, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).
CN	Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía (esgotamento, chuvia ácida, radioactividade), expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.



## Procedementos e instrumentos de avaliación

	<b>Procedementos</b>			
	<i>Escritos</i>	<i>Orais</i>	<i>Observación directa e sistemática</i>	<i>Outros</i>
<b>Instruments</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li> <li>• Caderno da clase do alumno.</li> <li>• Proxectos</li> <li>• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabiles, probas escritas individuais...).</li> <li>• Traballos de grupo.</li> <li>• Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>• Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntas individuais e grupais.</li> <li>• Participación do alumno/a.</li> <li>• Intervencións na clase.</li> <li>• Postas en común.</li> <li>• Entrevistas.</li> <li>• Probas orais individuais.</li> <li>• Exposicións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escalas.</li> <li>• Listaxes de control.</li> <li>• Rexistros anecdóticos persoais.</li> <li>• Rexistros de incidencias.</li> <li>• Ficha de rexistro individual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Autoavaliación.</li> </ul>

## **Criterios de cualificación**

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno/a de Sexto Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo, segundo a seguinte proposta:

	<b><i>Criterios</i></b>
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realización sen axuda externa.</li><li>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li><li>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.</li><li>• Orde e limpeza na presentación.</li><li>• Caligrafía.</li><li>• Destrezas.</li><li>• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.</li><li>• Valoración entre o traballo na clase e na casa.</li><li>• Creatividade.</li></ul>
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e resultados.</li><li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li><li>• Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.</li><li>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.</li><li>• Caligrafía lexible.</li><li>• Tempo de realización.</li><li>• Destrezas.</li></ul>
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Uso axeitado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.</li><li>• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</li><li>• Tipo de participación (autónoma, con apoio, ningunha).</li><li>• Grao de elaboración da resposta.</li><li>• Interese, motivación...</li></ul>
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nivel e calidade das intervencións.</li><li>• Mensaxe estruturada.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso de léxico apropiado.</li> <li>• Comportamento.</li> </ul>
<p>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esfuerzo.</li> <li>• Interese.</li> <li>• Capacidade de traballo cooperativo.</li> <li>• Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Resolución de conflitos.</li> <li>• Interese, motivación.</li> <li>• Creatividade.</li> <li>• Iniciativa.</li> <li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li> </ul>

## Metodoloxía

A área de Ciencias da Natureza, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico.

O ensino da área toma como base para futuras aprendizaxes os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos. Ao redor destas diverxencias é onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico, e as posibles respostas dos alumnos.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias da Natureza.

A **integración das competencias e intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a, realizando actividades competenciais en todas as unidades e proxectos sinxelos de investigación.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo e a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, así como respecto da elaboración e a presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, favorecer a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido, e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen o seguinte:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Sexto Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, **tarefas integradas**, uso das TIC, e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, tratan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos/as.

## Ensino non presencial

Medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva.

No suposto de ensino non presencial:

- . Os centros educativos traballarán preferentemente a través da aula virtual do centro, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e seguindo a avaliación continua.
- . A avaliación continua centrarase na consecución dos estándares mínimos seleccionados das diferentes áreas (aprendizaxes imprescindibles en negra) e en conseguir unha adecuada consecución das competencias clave adaptadas ao nivel educativo que se está a cursar.
- . Desenvolveranse actividades desde un enfoque competencial: tarefas globalizadas, a aprendizaxe por proxectos de investigación, auto-aprendizaxes...  
  
Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico para potenciar as diferentes competencias clave e os obxectivos mínimos do nivel.
- . Os recursos educativos de apoio **garantirán a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, favorecendo o seu acceso ao currículo poñendo especial cuidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- . Establecerase un **procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando**, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos. Edixgal, Abalar...

Ensinanzas transversais de Sexto Curso

### *Educación para a igualdade entre os sexos*

Valorar as propias calidades como persoa, coñecer as súas aptitudes e limitacións, e valorar a pertenza ao sexo feminino ou masculino.

### *Educación do consumidor*

Desenvolver a capacidade para tomar posturas críticas, coherentes, responsables e solidarias, e manifestar actitudes positivas nas súas accións de compra, goce de bens ou uso de servizos.

Valorar a necesidade de mellorar o uso e a reciclaxe das materias primas, reducir o consumo de enerxía e utilizar enerxías e materias alternativas non-contaminantes.

Analizar e valorar o papel da publicidade na incitación ao consumo.

### *Educación ambiental*

Coñecer o medio natural como un sistema vivo no que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, de cuestionalo e modificalo.

Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio natural e tomar conciencia da deterioración que causan nel ditas intervencións.

### *Educación para a saúde. Educación sexual*

Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal para o benestar físico e mental.

Tomar conciencia e rexeitar determinadas prácticas prexudiciais para a saúde.

Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, así como os papeis sexuais femininos e masculinos no exercicio da sexualidade como unha actividade de plena comunicación entre as persoas.

Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas do seu contorno, nas actividades habituais e nas relacións de grupo, nun marco de aprecio e valoración.

### *Educación para a paz*

Tomar conciencia e rexeitar calquera tipo de discriminación na súa contorna cotiá e na sociedade.

Cooperar co grupo, dialogar e resolver conflitos mostrando actitudes tolerantes e solidarias.

### *Educación moral e cívica*

Mostrar autonomía persoal e capacidade de iniciativa na toma de decisións, aceptando as consecuencias de maneira responsable.

Respectar e valorar as diferenzas como enriquecemento persoal.

Valorar a solidariedade entre os países e o compromiso activo na defensa dos dereitos humanos e do medio. Respectar os restos histórico-artísticos presentes no medio. *Educación viaria*

- Coñecer e saber poñer en práctica instrucións de socorro e técnicas de primeiros auxilios en situacións reais ou simuladas.

### *Educación para o lecer*

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo de lecer.
- Planificar xogos e actividades para o tempo libre.



## **Atención á diversidade**

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos/as mediante as seguintes ferramentas:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- **AMPLIACIÓN:** Fichas fotocopiabiles con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos aos alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo clase pode estar a traballar o xénero masculino e feminino, mentres que varios alumnos poden estar a reforzar os artigos *o/a*, e, simultaneamente, outro grupo pode estar a traballar a un nivel máis básico a comprensión dun texto. Deste xeito, nunha mesma aula, posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.
- **ENSINANZA CON TITOR**
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

### Estratexias para incorporar as TIC na aula

Para incorporar as TIC na aula propúxose unha serie de recursos **integrados** cos contidos e as actividades de Ciencias da Natureza para Sexto Curso, aos que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe: programas Lim, j-clic...</li></ul>
<i>Ligazóns a Internet</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades, e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.</li></ul>
<i>Libro Dixital interactivo</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...</li></ul>

### Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita

<p><b>Lectura:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Lectura do libro de texto.</li><li>• Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).</li><li>• Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).</li><li>• Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.</li></ul> <p><b>Expresión:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.</li><li>• Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.</li><li>• Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.</li></ul>
---

# **Ciencias Sociais**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022-2023**

**6º EDUCACIÓN PRIMARIA CEIP**

**AREALONGA**

## Obxectivos en clave de Competencias do Sexto Curso

1. Coñecer a diversidade das paisaxes de España e Europa identificando as características principais do relevo, o clima e a hidrografía, e localizándoos en mapas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
2. Coñecer os espazos protexidos e os parques naturais de España, así como a influencia do comportamento humano no medio natural, sendo capaz de identificar e valorar o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo medidas para conseguir un desenvolvemento territorial sustentable. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersonal).
3. Coñecer en que consiste o cambio climático e tomar conciencia das medidas necesarias para modificalo. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersonal).
4. Comprender os principais conceptos demográficos e calculalos a partir de datos de poboación, así como distinguir as principais características española e europea. (Matemática / Intelixencias naturalistas e intrapersonal / Sociais e cívicas).
5. Identificar os diferentes sectores de produción, así como as diversas actividades económicas de cada un en España e Europa. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
6. Descubrir o funcionamento da publicidade e distinguir entre publicidade educativa e consumista (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
7. Desenvolver unha educación financeira básica, tomando conciencia do valor do diñeiro e os seus usos mediante o consumo responsable e o sentido do aforro. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersonal).
8. Coñecer a importancia do espírito emprendedor, así como as características fundamentais dunha empresa, as súas diferentes actividades e as súas formas de organización, diferenciando os tipos de empresas (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersonal).
9. Coñecer os aspectos básicos da historia de España desde o século XIX ata a actualidade: transformacións económicas, políticas, sociais, artísticas e culturais; localizar no espazo e o tempo feitos clave das diferentes etapas históricas. (Sociais e cívicas; Conciencia e expresión cultural / Intelixencia interpersoal).
10. Buscar, seleccionar e organizar información, analizala e extraer conclusións, reflexionar sobre o proceso seguido e comunicalo (oralmente ou por escrito) utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado aos temas, así como as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e os recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística; Dixital; Aprender a aprender / Intelixencias lingüística e verbal e intrapersonal).
11. Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo (creando estratexias para resolver conflitos) e solidario, e respectando os principios básicos do funcionamento democrático. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

12. 12. Buscar, seleccionar e organizar información de diferentes fontes, analizala e extraer conclusións, reflexionar sobre o proceso seguido e comunicalo (oralmente ou por escrito) utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado aos contidos traballados, así como as TIC e os recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística, Dixital, Aprender a aprender / Intelixencias lingüística e verbal e intrapersoal).
13. Participar en actividades de grupo cooperativo adoptando un comportamento responsable e mostrando habilidades para evitar e resolver os conflitos pacificamente. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
14. Mostrar autonomía ao planificar e levar a cabo accións e tarefas, creatividade e iniciativa ao tomar decisións. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal).

**Secuencia e temporalización de Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliados de Sexto Curso**

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		<b>Unidades didácticas</b> en que se desenvolven: todas
<b><i>Contidos</i></b>	<b><i>Criterios de avaliación</i></b>	<b><i>Estándares de aprendizaxe</i></b>

<b>Bloque 1. Contidos comúns</b>		
<p>1. Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais. Recollida de información do tema que hai que tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p>	<p>1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p>	<p><b>1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.</b></p>
<p>2. Utilización das TIC para buscar e seleccionar información e presentar conclusións.</p>	<p>2. Utilizar as TIC para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.</p>	<p><b>2.1. Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.</b></p>
LGL	Emprega a lingua galega oral en faladoiros, debates, entrevistas, exposicións ou presentacións con distintas finalidades (académica, social e lúdica) e como forma de comunicación e de expresión persoal (sentimentos, emocións etc.) en distintos ámbitos.
LGL	Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección, expoñéndoas segundo a situación de comunicación de forma espontánea ou tras unha planificación previa nos distintos ámbitos.
LGL	Recoñece e emprega conscientemente recursos lingüísticos (entoación, ton de voz, ritmo do discurso, vocabulario rico e estrutura do comunicado) e nonlingüísticos (linguaxe xestual e corporal, elementos visuais e sonoros) para comunicarse nas interaccións orais.
LGL	Exprésase cunha pronuncia e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. Cando narra feitos ocorridos ou experiencias persoais, historias, relatos..., xustifica o punto de vista propio. Expón temas concretos de interese ou de estudo desenvolvendo algún dos seus aspectos e terminando cunha valoración final.
LGL	Expresa as súas propias ideas comprensiblemente: orde e coherencia. Xustifica o seu punto de vista explicando os proles e os contras do exposto substituíndo elementos básicos do modelo dado.
LGL	Participa axeitadamente nas situacións interactivas de comunicación, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias, e participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates
LGL	Participa activamente e de forma construtiva: incorporando achegas e construíndo un coñecemento común nas tarefas da aula.
LGL	Mostra unha actitude de escoita activa incorporando aos seus coñecementos aqueles elementos máis significativos da mensaxe escoitada.
LGL	Comprende e extrae a información xeral en textos orais de uso habitual (noticias, discursos, avisos, anuncios, instrucións, normas etc.).
LGL	Interpreta o sentido de elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico e locucións).
LGL	Utiliza nas súas expresións un vocabulario adecuado á súa idade.
LGL	Diferencia polo contexto o significado e as correspondencias fonema-grafía (palabras homónimas, polisémicas...).



LGL	Identifica o tema do texto.
LGL	Obtén as principais ideas dun texto.
LGL	Resume un texto distinguindo as ideas principais e as secundarias.
LGL	Recoñece textos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instrutivos etc.
LGL	Elabora breves textos literarios ou non-literarios próximos aos seus gustos e intereses utilizando con corrección e creatividade distintas estratexias de comunicación.
LGL	Utiliza con corrección e creatividade as distintas técnicas e estratexias de comunicación oral que estudou.
LGL	Actúa en resposta ás ordes ou instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.
LGL	Comprende correctamente os textos que escoita.
LGL	Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos e recoñece a retranca como un trazo característico da lingua galega.
LGL	Lembra ideas básicas dun texto escoitado e exprésaa oralmente en resposta a preguntas directas.
LGL	Organiza e planifica o discurso adecuándose á situación de comunicación e ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir, informarse, dialogar etc.) utilizando os recursos lingüísticos pertinentes.
LGL	Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activamente, recolle datos pertinentes, participa en enquisas e entrevistas e expresa oralmente con claridade o propio xuízo.
LGL	Resume entrevistas, noticias, debates infantís, faladoiros, mesas redondas etc., procedentes da radio e a televisión, a prensa escrita ou Internet. Extrae información xeral e específica destas propostas, explica obxectivos de escoita, responde a eles e incorpora a información conseguida ao seu proceso de aprendizaxe (empregando o aprendido noutras situacións, enriquecendo as súas producións etc.).
LGL	Realiza entrevistas dirixidas.
LGL	Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
LGL	Descodifica con precisión e rapidez palabras adecuadas á súa idade.

LGL	Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta.
LGL	Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos non- literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.
LGL	Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.
LGL	Realiza lecturas en silencio comprendendo os textos lidos (resume, extrae, entresaca, deduce, opina, argumenta etc.).
LGL	Identifica as partes da estrutura organizativa dos textos, analiza a súa progresión temática e capta o seu propósito.
LGL	Elabora resumos de textos lidos identificando os elementos característicos dos diferentes tipos de textos.
LGL	Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.
LGL	Produce esquemas a partir de textos dados.
LGL	Interpreta o valor do título e as ilustracións.
LGL	Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.
LGL	Comprende a información contida nos gráficos e establece relacións coa información que aparece no texto relacionada con eles.
LGL	Interpreta esquemas ou mapas conceptuais sinxelos.
LGL	Dedica un tempo semanal a ler diferentes textos.
LGL	Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.
LGL	Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.

LGL	Comprende textos xornalísticos e publicitarios e identifica a súa intención comunicativa. Diferencia entre información, opinión e publicidade.
LGL	Interpreta a linguaxe figurada (metáforas, personificacións, hipérboles) en textos dados.
LGL	Interpreta correctamente a información e é capaz de facer un resumo desta.
LGL	Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor, editorial, xénero, ilustracións etc.

LGL	Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá (diarios, opinións e entradas en blogs, videodiario, correos electrónicos, noticias e xornais) con modelo de referencia.
LGL	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
LGL	Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar recollendo as ideas fundamentais, utilizando unha expresión persoal.
LGL	Aplica correctamente os signos de puntuación e as regras de acentuación e ortográficas.
LGL	Elabora textos con corrección.
LGL	Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, mapas conceptuais etc.
LGL	Presenta traballos e informes de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet etc.), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.
LGL	Expresa por escrito opinións, reflexións e valoracións argumentadas.
LGL	Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación etc. Adapta a expresión á intención tendo en conta o interlocutor e o asunto de que se trata. Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. Reescribe o texto.
LGL	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
LGL	Usa con eficacia as novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información.

LGL	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar, substituír e expresar características do nome de diferentes clases de palabras, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións etc.
LGL	Conxuga e usa con corrección os tempos verbais nas formas persoais e non-persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.
LGL	Diferencia familias de palabras.
LGL	Coñece, recoñece e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, neoloxismos ou frases feitas.
LGL	Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.

LGL	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
LGL	Recoñece os conectores básicos necesarios que dan cohesión ao texto (elipse, sinónimos, conectores).
LGL	Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple e diferencia suxeito e predicado.
LGL	Coñece a estrutura do dicionario e úsao para buscar o significado de calquera palabra (derivados, plurais, formas verbais, sinónimos etc.).
LGL	Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.
LGL	Coñece as normas ortográficas e aplícaas nas súas producións escritas.
LGL	Sinala as características que definen as diferentes clases de palabras: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.
LGL	Utiliza correctamente as normas da concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita
LGL	Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
LGL	Usa con corrección os signos de puntuación.
LGL	Aplica as regras de uso do: h, b, v, ct, cc.
LGL	Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.

LGL	Coñece e valora a variedade lingüística da lingua galega.
LGL	Recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos e considéraos un medio de aprendizaxe.
LGL	Realiza lecturas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
LGL	Interpreta a linguaxe figurada (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras) en textos literarios.
LGL	Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.
LGL	Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.
LGL	Crea textos literarios (contos, poemas, cancións, pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos propios destas producións.

LGL	Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.
LGL	Memoriza e reproduce textos orais breves e sinxelos (contos, poemas, cancións, refráns, adiviñas ou trabalinguas).
LGL	Pon interese e esforzase por escribir correctamente de forma persoal, creativa e con sensibilidade.

### Perfil Competencia: COMPETENCIA DIXITAL

Área	Estándar de aprendizaxe
LGL	Utiliza os medios informáticos para obter información.
LGL	Elabora e presenta cuestionarios, esquemas, resumos, mapas conceptuais, descricións de forma clara e visual apoiándose nas novas tecnoloxías.
LGL	Utiliza Internet e as TIC: reprodutor de vídeo, reprodutor de DVD, ordenador, reprodutor de CD-audio, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas: escribir e modificar un texto, crear táboas e gráficas etc.
LGL	Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
LGL	Utiliza habitualmente fontes en formato papel e dixital (diccionario, Internet etc.) no proceso da escritura.
LGL	Usa con eficacia as novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información.
LGL	Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, opinións e entradas en blogs, cartas, correos electrónicos, noticias e xornais sen modelo de referencia.

### Perfil Competencia: COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

Área	Estándar de aprendizaxe
LGL	Utiliza de forma habitual distintos recursos (diccionario, textos, Internet etc.) para o seu enriquecemento.
LGL	Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.
LGL	Activa coñecementos previos e utilízalos para comprender un texto.

LGL	Realiza inferencias e formula hipóteses.
LGL	É capaz de consultar diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para levar a cabo traballos individuais ou en grupo.
LGL	Infere, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos co non-lingüísticos nos textos xornalísticos e publicitarios.
LGL	Establece relacións entre as ilustracións e os contidos do texto, expón hipótese, realiza predicións e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.
LGL	Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento dunha biblioteca.
LGL	Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de entretemento manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.
LGL	Utiliza habitualmente fontes en formato papel e dixital (diccionario, Internet etc.) no proceso da escritura.
LGL	Elabora traballos e informes de forma ordenada e clara, seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.
LGL	Resume entrevistas, noticias, debates infantís, faladoiros, mesas redondas etc., procedentes da radio e a televisión, a prensa escrita ou Internet. Extrae información xeral e específica destas propostas, exponse obxectivos de escoita, responde a eles e incorpora a información conseguida ao seu proceso de aprendizaxe (empregando o aprendido noutras situacións, enriquecendo as súas producións etc.).
LGL	Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guiños e mapas conceptuais.
LGL	Elabora e presenta cuestionarios, esquemas, resumos, mapas conceptuais e descrições de forma clara e visual apoiándose nas novas tecnoloxías.

### **Perfil Competencia: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

<b>Área</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
LGL	Transforma en noticias feitos cotiáns, próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.
LGL	Prepara reportaxes sobre temas de intereses próximos, seguindo modelos.
LGL	Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero do tipo de texto: diarios, opinións e entradas en blogs, cartas, correos electrónicos, noticias e xornais, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.
LGL	Presenta traballos e informes de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet etc.), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

LGL	Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación etc. Adapta a expresión á intención, tendo en conta o interlocutor e o asunto de que se trata. Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. Reescribe o texto.
-----	--

**Perfil Competencia: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

Área	Estándar de aprendizaxe
LGL	Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos demais.
LGL	Aplica as normas socio-comunicativas: espera de quendas, escoita activa, participación respectuosa, adecuación á intervención do interlocutor e certas normas de cortesía.
LGL	Pon interese e esfórzase por escribir correctamente, de forma persoal, creativa e con sensibilidade.
LGL	Recoñece e identifica algunhas das características relevantes (históricas, socio-culturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España e as variedades da lingua galega.
LGL	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL**

LGL	Coñece e valora a variedade lingüística da lingua galega.
LGL	Realiza lecturas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

## Procedementos e instrumentos de avaliación

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos diversos realizados polo alumnado na actividade diaria da clase.</li> <li>• Caderno de clase do alumno</li> <li>• Arquivo individual (PROXECTOS).</li> <li>• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabes, probas escritas individuais...). • Traballos en grupo.</li> <li>• Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>• Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntas individuais e en grupo.</li> <li>• Participación do alumno/a.</li> <li>• Intervencións na clase.</li> <li>• Postas en común.</li> <li>• Entrevistas.</li> <li>• Probas orais individuais.</li> <li>• Exposicións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escalas.</li> <li>• Listas de control.</li> <li>• Rexistros anecdóticos persoais.</li> <li>• Rexistros de incidencias.</li> <li>• Ficha de rexistro individual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal de avaliación.</li> <li>• Autoavaliación.</li> <li>• Bloc do profesor.</li> </ul>



	<b>Criterios de cualificación</b>
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización sen axuda externa.</li> <li>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li> <li>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.</li> <li>• Orde e limpeza na presentación.</li> <li>• Caligrafía.</li> <li>• Destrezas.</li> <li>• Revisión do traballo antes de dalo por acabado.</li> <li>• Valoración entre o traballo na clase e na casa.</li> <li>• Creatividade.</li> </ul>
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li> <li>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.</li> <li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li> <li>• Valoración do tempo investido / tempo necesario para resolver unha actividade.</li> <li>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> <li>• Tempo de realización.</li> <li>• Destrezas..</li> </ul>

<p>3. Actividades TIC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso adecuado e guiado do computador e dalgunha ferramenta telemática.</li> <li>• Utilización de Internet, de maneira responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</li> <li>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningún).</li> <li>• Grao de elaboración da resposta.</li> <li>• Interese, motivación.</li> </ul>
<p>4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de resposta...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel e calidade das intervencións.</li> <li>• Mensaxe estruturada.</li> <li>• Uso de vocabulario apropiado.</li> <li>• Comportamento.</li> <li>• Esfuerzo.</li> <li>• Interese.</li> </ul>
<p>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e de grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade de traballo cooperativo.</li> <li>• Grao de comunicación cos compañeiros.</li> <li>• Resolución de conflitos.</li> <li>• Interese, motivación.</li> <li>• Creatividade.</li> <li>• Iniciativa.</li> <li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li> </ul>

## Metodoloxía

A área de Lingua ten que perseguir que o alumno/a adquira un sistema de signos, pero tamén o seu significado cultural e o modo en que as persoas integran a realidade. Que a linguaxe lle sirva de instrumento cultural de regulación da convivencia, de expresión de ideas, sentimentos e emocións e de regulación da propia conduta. Tamén ten que perseguir que o alumno/a sexa capaz de construír unha representación do mundo compartida e que sexa quen de comunicala. En definitiva, que sexa capaz de desenvolverse con facilidade en diferentes situacións da vida e especialmente na escola, utilizando os textos académicos para a aprendizaxe e o desenvolvemento do resto de áreas.

O ensino da área ten que partir do uso da lingua que os alumnos xa adquiriron ao comezo da etapa. Partindo disto, terase que ampliar a competencia comunicativa e lingüística de forma que sexan capaces de interactuar en todos os ámbitos sociais nos cales participan. O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares ten que ser o fío condutor dos contidos da área.

Débese entender a lingua desde a perspectiva global, posto que os diferentes bloques de contidos en que se articula a área non poden corresponder á práctica docente, senón que esta tense que afrontar relacionando os diferentes bloques, posto que todos eles están moi relacionados.

A integración das **competencias** e as **intelixencias múltiples** á área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e pór en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

É a través de proxectos e tarefas integradas que os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se utilizarán e en relación coa elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo nunha contorna de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as propias ideas.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, posto que nos permite motivar o alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

Evocación de coñecementos previos para abordar os contidos novos.

Progresiva e coidadosa incorporación de coñecementos novos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Sexto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.

Exercicios e actividades diversificados que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos e en tarefas **integradas**, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais.

## Ensino non presencial

Medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva.

No suposto de ensino non presencial:

- . Os centros educativos traballarán preferentemente a través da aula virtual do centro, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e seguindo a avaliación continua.
- . A avaliación continua centrarase na consecución dos estándares mínimos seleccionados das diferentes áreas (aprendizaxes imprescindibles en negra) e en conseguir unha adecuada consecución das competencias clave adaptadas ao nivel educativo que se está a cursar.

- . Desenvolveranse actividades dende un enfoque competencial: tarefas globalizadas, a aprendizaxe por proxectos de investigación, autoaprendizaxes...

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico para potenciar as diferentes competencias clave e os obxectivos mínimos do nivel.

- . Os recursos educativos de apoio **garantirán a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, favorecendo o seu acceso ao currículo poñendo especial cuidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- . Establecerase un **procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando**, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos. Edixgal, Abalar...

## **Ensinanzas transversais**

### *Educación do consumidor*

- Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.
- Interpretar e comprender mensaxes propagandísticas e publicitarias.
- Reflexionar sobre as mensaxes transmitidas a través de calquera sistema verbal e non-verbal.

### *Educación moral*

Desenvolver a autonomía persoal e tamén as posibilidades de tomar iniciativas e establecer relacións afectivas nas actividades habituais e nas relacións de grupo.  
Comprender e valorar as características e as calidades das persoas que o rodean, establecendo relacións equilibradas e construtivas.

### *Educación cívica*

Manifestar interese por escoitar, comprender, informarse e poder participar posteriormente en conversas, debates e mesas redondas, respectando a quenda de palabra e valorando as ideas e as intervencións dos outros.  
Implicarse activamente nos diálogos e adoptar unha actitude dialogante nas situacións cotiás que o requiren.

### *Educación para a paz*

Respectar a diversidade lingüística dos inmigrantes e rexeitar calquera tipo de discriminación.  
Coñecer e valorar as variedades dialectais da lingua galega.  
Valoración das tradicións e os costumes doutros países como riqueza.  
Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a relación cos demais.

### *Educación para a igualdade entre os sexos*

Conseguir unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas e rexeitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo.  
Recoñecer situacións habituais nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.  
Reflexionar e opinar sobre a igualdade de oportunidades.

### *Educación para a saúde. Saúde sexual*

Actuar con autonomía nas actividades cotiás e nas relacións de grupo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan.

Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que melloran a calidade de vida.  
Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, e concibir a sexualidade como mostra de plena comunicación entre as persoas e de afecto cara aos demais.

#### *Educación ambiental*

Coñecer o medio como un sistema vivo onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo, achegando ideas e posibles solucións para a súa mellora e mantemento.

Servirse das competencias orais e escritas adquiridas para valorar criticamente a propia contorna e interesarse por respectala e melloralala.  
Coñecer os problemas principais que se producen no ambiente e reflexionar sobre as súas posibles solucións coa axuda da linguaxe.

Respectar os seres vivos.

Achegar ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para a mellora e o mantemento do medio.

#### *Educación para o lecer*

Valorar a lectura de fragmentos de obras literarias acordes á súa idade como fonte de pracer e de gozo estético.

### **Atención á diversidade**

**ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de maneira guiada, con máis apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.

**AMPLIACIÓN:** fichas fotocopiáveis con actividades de máis dificultade para a súa resolución, para o tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo etc.

**COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Tense en conta a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización.

**PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e altas capacidades intelectuais).

**ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo clase pode estar a traballar o xénero masculino e feminino, mentres que varios alumnos poden estar a reforzar os artigos *o/a*, e simultaneamente outros poden estar a

traballar ao seu nivel máis básico de comprensión un texto. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar en diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.

ENSINO TORIZADO.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.

LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

### Estratexias para incorporar as TIC na aula

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns en Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos de coñecemento.
Libro Dixital Interactivo	Libro proxectable que incorpora elementos de interactividades: actividades, ligazóns, animacións...

### Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e desenvolver a expresión oral e escrita

<p><b>Lectura:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Lectura do libro de texto.</li><li>• Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).</li><li>• Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).</li><li>• Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.</li></ul> <p><b>Expresión:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.</li><li>• Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.</li><li>• Expresión escrita en papel e en pantalla.</li></ul>
--



# Matemáticas

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022-2023**

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP AREALONGA

## Obxectivos en clave de competencias do Sexto Curso

1. Comprender, interpretar e producir mensaxes orais e escritas utilizando o vocabulario e as expresións propias da linguaxe matemática. (Comunicación lingüística / Intelixencias lingüística-verbal e intrapersonal)
2. Resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, que permitan establecer conexión entre a realidade e os coñecementos matemáticos (numeración, xeometría, medida, áreas, perímetros...), comprobar resultados e reflexionar sobre o seu proceso de resolución. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias lóxico-matemática, visual-espacial e intrapersonal)
3. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes sinxelas) e sabelos utilizar para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática)
4. Calcular sumas, restas, multiplicacións, divisións con distintos tipos de números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades destas, estratexias persoais e diferentes procedementos de cálculo (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora). (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática)
5. Coñecer e utilizar os instrumentos e as unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e monetarias, e operar con medidas de devanditas magnitudes para describir determinados aspectos da realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e visualespacial)
6. Facer estimacións e saber expresar con precisión medidas de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e as derivadas do sistema monetario, convertendo unhas unidades noutras cando sexa necesario. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática)
7. Identificar os diferentes tipos de ángulos segundo a súa amplitude e o grao como unidade de medida, para explicar as formas e as descricións xeométricas en situacións cotiás. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)
8. Utilizar os instrumentos de debuxo e de medición de ángulos para representar e describir con precisión a realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)
9. Describir e comprender situacións cotiás utilizando as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidad, simetría, translación, xiro, perímetro e superficie. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)

10. Coñecer e debuxar os elementos xeométricos do plano (rectas, semirectas, segmentos e ángulos) e resolver problemas contextualizados de maneira estratéxica, buscando os procedementos apropiados para solucionarlos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias lóxicomatemática e visual-espacial)
11. Identificar os polígonos e os seus elementos e clasificalos (triángulos e cuadriláteros) para interpretar informacións que permitan describir a realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)
12. Experimentar, organizar datos estatísticos en táboas, representalos mediante gráficos (diagrama de barras, pictograma, polígono de frecuencias, diagrama de sectores) e sabelos interpretar. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial, lóxico-matemática e lingüística-verbal)
13. Recoñecer, de maneira inicial, situacións sinxelas da vida diaria na que se dan sucesos, imposibles, posibles ou seguros. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Comunicación lingüística / Intelixencias lóxico-matemática e lingüística-verbal)
14. Traballar en grupo e participar de forma activa e construtiva en proxectos comúns. (Sociais e cívicas interpersonal...

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		<b>Unidades didácticas</b> nas que se desenvolven: todas
<p>Contidos</p> <p><b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.</b></p> <p>1. 2. Planificación do proceso de resolución de problemas: Análise e comprensión do enunciado.</p> <p>3. 4. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas adecuadas, etc.</p>	<p>Criterios de avaliación</p> <p>1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</p> <p>2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</p> <p>3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p> <p>4. Profundizar en problemas resoltos, plantexando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc.</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p><b>1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de Matemáticas ou en contextos da realidade.</b></p> <p><b>2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).</b></p> <p><b>2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</b></p> <p><b>2.3. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.</b></p> <p>2.4. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.</p> <p>2.5. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).</p> <p>3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.</p> <p>3.2. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis atopados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.</p>

<p>5. Resultados obtidos. Formulación de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.</p> <p>7. 8. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.</p> <p>9. 10. 11. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p>	<p>5. Elaborar e presentar pequenos informes sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.</p> <p>6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.</p> <p>7. Coñecer algunhas características do método de traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver.</p> <p>8. Planificar e controlar as fases de método de traballo científico en situacións adecuadas ao nivel.</p> <p>9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</p>	<p>4.1. Profundiza en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.</p> <p><b>4.2. Exponse novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos, etc.</b></p> <p>5.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.</p> <p><b>6.1. Practica o método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático.</b></p> <p><b>6.2. Planifica o proceso de traballo con preguntas adecuadas: que quero pescudar?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é adecuada?</b></p> <p>7.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez, valorando os pros e os contras do seu uso.</p> <p>8.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.</p> <p><b>9.1. Desenvolve e mostra actitudes adecuadas para o traballo en Matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.</b></p>
--	--	---

<p>12. 13. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</p> <p>11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións similares futuras.</p> <p>12. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións dos mesmos.</p> <p>13. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.</p>	<p>9.2. Plántexase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao seu nivel educativo e á dificultade da situación.</p> <p><b>9.3. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias adecuadas para cada caso.</b></p> <p><b>9.4. Habitúase á formulación de preguntas e á procura de respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</b></p> <p><b>9.5. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.</b></p> <p>10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as consecuencias das mesmas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</p> <p><b>11.1. Reflexiona sobre os problemas resolto e os procesos desenvolvidos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares, etc.</b></p> <p><b>12.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.</b></p> <p>12.2. Utiliza a calculadora para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.</p> <p>13.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son,...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante.</p>
--	--	---

PRIMEIRO TRIMESTRE		<b>Unidades didácticas</b> nas que se desenvolven: 1, 2, 3, 4
<p>Contidos</p> <p><b>Bloque 2. Números e álgebra.</b></p> <p>1. 2. Números naturais e decimais. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. Nome e graffía dos números de máis de seis cifras. Equivalencias entre os elementos do Sistema de Numeración Decimal: unidades, decenas, centenas, etc. O Sistema de Numeración Decimal: valor posicional das cifras. O número decimal: décimas e centésimas. Os números decimais: valor de posición. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. Estimación de resultados. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e milleiros. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</p> <p>3. 4. 5. 6. Operacións: Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división.</p>	<p>Criterios de avaliación</p> <p>1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (naturais e decimais ata as centésimas).</p> <p>2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p> <p>3. Realizar operacións e cálculos numéricos sinxelos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p><b>1.1. Le e escribe números naturais e decimais aplicando o coñecemento.</b></p> <p><b>2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</b></p> <p><b>2.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais de máis de seis cifras, enteiros e decimais ata as centésimas, as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</b></p> <p><b>2.3. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</b></p> <p><b>2.4. Ordena números naturais, enteiros e decimais básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.</b></p> <p><b>3.1. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</b></p>

<p>A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa.  As táboas de multiplicar.  Potencia como produto de factores iguais.  Cadrados e cubos.  Potencias de base 10.  Identificación e uso dos termos propios da división. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.  Operacións con números decimais.</p>	<p>implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.</p> <p>4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se ha de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora).</p> <p>5. Utilizar os números naturais e decimais, sinxelos para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</p> <p>6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades das mesmas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se debe de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), decidindo sobre o uso máis adecuado.</p>	<p><b>4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</b>  4.2. Ordena conxuntos de números de distinto tipo.</p> <p><b>5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</b>  <b>5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e a resolución de problemas.</b>  5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias</p> <p><b>6.1. Realiza operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.</b>  <b>6.2. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.</b>  6.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.  <b>6.4. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.</b>  6.5. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.  <b>6.7. Realiza operacións con números decimais. 6.8. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.</b>  <b>6.9. Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluídos o cálculo mental e a calculadora, facendo referencia ás propiedades das operacións, resolvendo problemas da vida cotiá.</b></p>
--	---	--



<p><b>Funcións comunicativas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición dunha estación espacial.</li> <li>- Descrición do universo.</li> <li>- Descrición da roupa.</li> <li>- Expresión da opinión.</li> <li>- Petición de información.</li> <li>- Descrición de feitos pasados.</li> <li>- Expresión de accións futuras.</li> <li>- Propostas.</li> <li>- Suxestións.</li> <li>- Normas e regulamentos. -</li> <li>- Expresión de contraste entre pasado e presente.</li> <li>- Permisión e prohibición.</li> <li>- Expresión do tempo.</li> </ul>	<p><b>Cumprir</b> a función comunicativa principal do texto escrito, utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos.</p>		<p><b>(CSC):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver as súas destrezas cívicas recoñecendo a importancia de cumprir as normas e os regulamentos.</li> </ul> <p><b>(CCEC):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tomar contacto cun evento espacial internacional.</li> <li>- Utilizar a súa imaxinación para deseñar unha viaxe espacial.</li> </ul> <p><b>(CAA):</b></p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Estructuras sintácticodiscursivas:</b></li> <li>- <b>Pasado simple:</b> <i>Yesterday I watched an interesting documentary on TV.</i></li> <li>- <b>Futuro con will:</b> <i>We will travel to Mars in the future.</i></li> <li>- <b>Verbos modais:</b> <i>We must wear a coat in winter.</i></li> <li>- <b>Presente continuo:</b> <i>I'm wearing a blue jumper.</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar estruturas sintácticas básicas, aínda que se sigan cometendo erros elementais de maneira sistemática.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver técnicas de aprendizaxe entendendo como escribir un artigo.</li> </ul> <p><b>(CSIEE):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender a importancia do traballo cooperativo e o</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Léxico escrito de alta frecuencia (producción):</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Coñecer e utilizar un</b></li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Adxectivos:</b> <i>boring, dangerous, exhausting, interesting, spectacular, amazing...</i></li> <li>- <b>Obxectos no espazo:</b> <i>space station, satellite.</i></li> <li>- <b>Modals:</b> <i>can, must, may, should</i></li> <li>- <b>Clothes and accessories:</b> <i>skirt, trousers, belt, earrings...</i></li> <li>- <b>Materials:</b> <i>silk, wool...</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás, relacionado cos propios intereses, experiencias e necesidades.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>respecto aos demais.</li> </ul>

<p><b>Patrons gráficos e convencións ortográficas:</b></p> <p>- Escriben palabras cos sons de /th/.</p>	<p>- <b>Aplicar</b> patrons gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>		
---	---	--	--

#### 4. Avaliación trimestral das competencias

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
<p><b>Comprensión oral</b></p> <p><b>Atención</b></p>	<p>Distráese durante a escoita.</p>	<p>Distráese ocasionalmente.</p>	<p>Non se distrae na escoita.</p>	<p>Atiende de forma constante</p>

				durante toda a escoita.
<b>Propósito</b>	Non capta o significado global.	Capta con dificultade o significado global.	Recoñece e expresa o significado do texto.	Expresa unha síntese detallada do propósito do texto.
<b>Puntos principais</b>	Non distingue a idea ou ideas principais do texto.	Distingue a idea principal do texto.	Extrae ademais das ideas principais outras secundarias.	Distingue entre as ideas principais e secundarias.
<b>Contexto</b>	Non identifica a situación comunicativa.	Identifica con dificultade a situación comunicativa.	Identifica a situación comunicativa e achega algo de información sobre ela.	Identifica a situación comunicativa e achega información detallada.
<b>Inferencias</b>	Non é capaz de inferir ningunha información da escoita.	Realiza inferencias sobre a escoita, aínda que con dificultade.	Realiza inferencias sobre a escoita e achega ideas derivadas.	Realiza inferencias sobre a escoita, e achega e ideas derivadas e conclusións.

<b>Expresión oral</b>	<b>En vías de adquisición</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
<b>Claridade e entoación</b>	Non se lle entende cando le porque o fai entre dentes.	Le pero non vocaliza a maioría do tempo.	Le con claridade e vocalizando, pero a súa entoación pode mellorar.	Le claramente e vocaliza, á vez que ten unha moi boa entoación.
<b>Volume de voz</b>	Non se lle escoita ou fala tan alto que molesta a todo o mundo.	Escóitase mal porque unhas veces fala moi alto e outras case nin se lle oíe.	Ten un volume de voz que permite escoitar aos do grupo, pero ás veces molesta aos máis próximos.	Ten un volume medio que permite escoitar os do grupo sen molestar os compañeiros.
<b>Ritmo de lectura</b>	Non leva un ritmo adecuado, polo que resulta completamente imposible entender a historia (vai demasiado rápido ou demasiado lento).	Salta algún punto ou coma e o ritmo ás veces pérdese tamén.	Respecta os puntos e as comas, pero ás veces leva un ritmo no que perdemos o sentido da historia.	Respecta os puntos, as comas, tomando aire cando debe, o que fai que se entenda perfectamente o que nos le.

<b>Expresión</b>	<b>En vías de</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
------------------	-------------------	------------------	-----------------	------------------

<b>oral</b>	<b>adquisición</b>			
	Cústalle a expresión oral ou realízaa con grandes limitacións.	Exprésase correctamente, aínda que con algúns erros ou dificultades.	Exprésase correctamente, de forma ordenada e fluída.	Exprésase correctamente, de forma ordenada, fluída e xerando un grande interese e motivación nos seus interlocutores.
<b>Argumentación</b>	As súas ideas están pouco fundamentadas. Non presenta argumentos sólidos.	As súas ideas non contradín o contido estudado.	Fundamenta as súas ideas, citando fontes e respondendo con argumentos.	Expresa bastantes ideas e moi ben fundamentadas, citando fontes e respondendo
				con argumentos.
<b>Actitude de respecto</b>	Non respecta nin as opinións nin as intervencións doutras persoas.	Respecta as quendas dos demais, pero non mostra unha actitude de escoita.	Deixa falar os demais e respecta as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas.	Deixa falar os demais, escoitando e respectando as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas.



<b>Estratexias utilizadas</b>	Non utiliza estratexias que lle poidan axudar a expoñer mellor.	Empezou a utilizar algunha estratexia útil.	Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos).	Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos) que lle axudan a expoñer con orde, claridade e eficacia.
<b>Recursos empregados</b>	Non utiliza recursos adicionais á súa exposición.	Utiliza algún recurso adicional na súa exposición.	Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías...	Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías, etc., que a fan moi amena e interesante.

Compresión e expresión escrita	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
<b>Estrutura da oración</b>	Ás oracións fáltalles estrutura e parecen estar incompletas ou non ter sentido.	A maioría das oracións están ben construídas, pero ten unha estrutura similar.	A maioría das oracións están ben construídas e ten unha estrutura variada.	Todas as oracións están ben construídas e teñen unha estrutura variada.

<b>Uso de maiúsculas e puntuación</b>	Comete varios erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o que chama a	Comete poucos erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o	Comete un ou dous erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, pero o	Non comete erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, polo que o traballo é excepcionalmente fácil de ler.
	atención e interrompe en gran medida o fluxo de información.	que chama a atención do lector e interrompe o fluxo de información.	traballo aínda é fácil de ler.	
<b>Corrección ortográfica</b>	Seis ou máis erros ortográficos de importancia.	Entre tres e cinco erros ortográficos de importancia.	Admítense ata dous erros ortográficos de importancia.	Non presenta erros ortográficos de importancia.
<b>Cohesión léxica e gramatical</b>	Erros xeneralizados na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Algúns erros na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...
<b>Adecuación ao contexto</b>	O texto non segue as instrucións	O texto incumpre algunha das	En xeral o texto segue as instrucións	O texto segue as instrucións dadas.

	dadas (con relación á tipoloxía textual, a extensión...).	instrucións dadas.	dadas.	
--	---	--------------------	--------	--

### 5. Procedementos e instrumentos de avaliación

	<b>Procedementos</b>			
<b>Escritos</b>	<b>Orais</b>	<b>Observación directa e sistemática</b>	<b>Outros</b>	

<p>Instrumentos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos diversos realizados polo alumnado na actividade diaria na clase.</li> <li>• Caderno de clase do alumno</li> <li>• Arquivo individual (Traballos e proxectos).</li> <li>• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...).</li> <li>• Traballos de grupo.</li> <li>• Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>• Actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntas individuais e de grupo</li> <li>• Participación do alumno/a.</li> <li>• Intervencións na clase.</li> <li>• Postas en común.</li> <li>• Entrevistas.</li> <li>• Probas orais individuais.</li> <li>• Exposicións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escalas.</li> <li>• Listaxes de control.</li> <li>• Rexistros anecdóticos persoais.</li> <li>• Rexistros de incidencias.</li> <li>• Ficha de rexistro individual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rúbrica de avaliación (aprendizaxes, habilidades xerais, proxectos).</li> <li>- Modelo de avaliación.</li> <li>- Autoavaliación.</li> </ul>
---------------------	--	--	---	--

interactivas.			
<i>Portfolio, e-portfolio.</i>			

### 6. Criterios de cualificación

	Criterios
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización sen axuda externa.</li> <li>• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li> <li>• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.</li> <li>• Orde e limpeza na presentación.</li> <li>• Caligrafía.</li> <li>• Destrezas.</li> <li>• Revisión do traballo antes de dalo por rematado.</li> <li>• Valoración entre o traballo na aula e na casa.</li> <li>• Creatividade.</li> </ul>

<p>2. Probas orais e escritas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li> <li>• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.</li> <li>• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.</li> <li>• Valoración do tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.</li> <li>• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> <li>• Tempo de realización.</li> <li>• Destrezas.</li> </ul>
<p>3. Actividades TIC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.</li> <li>• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</li> <li>• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningún).</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de elaboración da resposta.</li> <li>• Interese, motivación.</li> </ul>

<p>4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de resposta...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel e calidade das intervencións.</li> <li>• Mensaxe estruturada.</li> <li>• Uso de vocabulario apropiado.</li> <li>• Comportamento.</li> <li>• Esfuerzo.</li> <li>• Interese.</li> </ul>
<p>5. Traballo cooperativo. Valoración individual e de grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade de traballo cooperativo.</li> <li>• Grao de comunicación cos compañeiros.</li> <li>• Resolución de conflitos.</li> <li>• Interese, motivación.</li> <li>• Creatividade.</li> <li>• Iniciativa.</li> <li>• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.</li> </ul>
<p>6. Arquivo de traballo individual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación clara e ordenada.</li> <li>• Actualizado.</li> </ul>

## 7. METODOLOXÍA XERAL E ESPECÍFICA DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

En xeral, pódese dicir que o enfoque principal no tratamento da materia de Lingua Estranxeira é o comunicativo, polo que os elementos do currículo se definirán sempre baseándose nos procesos de comunicación aos que van encamiñados, adecuándose no caso concreto da etapa de Primaria ás características e as necesidades do alumnado. Integrando todos estes aspectos e partindo desta idea, o currículo estrutúrase en torno a actividades de lingua tal como estas se describen no Marco: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

A lingua demanda unha metodoloxía que se centre no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso; A metodoloxía máis idónea será, polo tanto, aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que o alumno, por un lado, adquira as diversas competencias implicadas na comunicación, e, por outro, desenvolva a capacidade de poñer todas estas competencias en práctica de xeito conxunto para producir e procesar textos orais ou escritos axeitados aos contextos de actuación correspondentes. Para a adquisición da competencia lingüística en lingua estranxeira resulta fundamental o desenvolvemento da capacidade lectora e o dominio da escritura.

Co método elixido incidirase ademais de xeito especial no aproveitamento didáctico de recursos dixitais, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar o alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe, adaptados sempre á súa idade e ás súas peculiaridades. A demáis de pretender que o noso alumnado:

- Sexa quen de comunicarse con seguridade e eficacia.
- este moi motivados e goce das clases.
- mellore as destrezas de *listening*, *speaking*, *reading* e *writing* de forma integral e equilibrada.
- aprenda a través de contos e outras actividades interesantes como cancións, *chants*, rimas e xogos.
- desenvolva destrezas sociais e aprenden a colaborar e cooperar.
- aprenda destrezas cognitivas transferibles a todas as materias do currículo.
- use o CLIL para descubrir cousas do mundo.



- aprenda cousas da cultura británica e desenvolva destrezas interculturais e cidadás.
- utilice as novas tecnoloxías para estudar e aprender.
- pronuncie o inglés de forma natural e intelixible.
- desenvolva as competencias básicas sistematicamente.
- aprenda a aprender e a ter autonomía.

### **Ensino non presencial (no caso de novo confinamento pola pandemia do COVID-19):**

A continuación, preséntantse as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva:

- Traballarase preferentemente a través da **aula virtual do centro e da plataforma Edixgal**, determinaránse as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas (**mínimos das áreas/competenciais, resaltados en negra**) e seguindo a avaliación continua.
- A **avaliación continua** centrarase na consecución dos estándares mínimos seleccionados das diferentes áreas (aprendizaxes imprescindibles en negra) e en conseguir unha adecuada consecución das competencias clave adaptadas ao nivel educativo que se está a cursar.
- Desenvolveranse actividades dende un **enfoque competencial**: tarefas globalizadas, a aprendizaxe por proxectos de investigación, auto-aprendizaxes...
- **Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán** un carácter eminentemente práctico para potenciar as diferentes competencias clave e os obxectivos mínimos do nivel.
- Os recursos educativos de apoio **garantirán a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, favorecendo o seu acceso ao currículo poñendo especial cuidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

- Establecerase un **procedemento de comunicacion entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando**, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos.
- Realizaránse comunicacións tanto co alumnado como coas súas familias, sempre e cando sexa necesario, coa finalidade de facer titorías, resolver dúbidas sobre as tarefas, explicar contidos da materia e solucionar calquera outro tipo de problema que xurda debido á nova situación de aprendizaxe.
- Propórase a seguinte temporalización para as comunicacións que se realicen coas familias e alumnado:
  - Atención ao alumnado: de Luns a Venres de 09:15 a 14:15, seguindo o horario lectivo habitual. Poderanse facer de maneira individual ou grupal, segundo sexa preciso, tratando de facer videoconferencias semanais onde se explicarán os contidos da materia e se poderán realizar actividades, tratando de seguir na medida do posible, a dinámica dunha clase presencial habitual.
  - Atención ás familias: de Luns a Venres de 16:00 a 17:00, aínda que se poderá flexibilizar o horario en situacións especiais.

## **8. Ensinanzas transversais**

### *Educación para a igualdade entre os sexos*

- Conseguir una visión do mundo libre de estereotipos sexistas e fomentar o rexeitamento de calquera discriminación por razón de sexo.
- Recoñecer diferentes profesións evitando calquera estereotipo sexista.
- Participar nas tarefas domésticas.

### *Educación para o consumo*

- Iniciarse no hábito de reducir o consumo de enerxía e mostrar interese por coñecer enerxías non-contaminantes.
- Reducir o uso de materiais e practicar a reutilización e a reciclaxe.

- Descubrir e interpretar de maneira adecuada a información que nos transmite a publicidade.

#### *Educación ambiental*

- Coñecer o medio como un sistema no que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar e modificalo.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio natural e tomar conciencia da deterioración que causan.
- Adoptar pautas de comportamento na vida cotiá para a defensa do medio natural.

#### *Educación para a saúde. Educación sexual*

- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal a partir do coñecemento do corpo humano e que melloran a calidade de vida.
- Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, e concibir a sexualidade como mostra de plena comunicación entre as persoas e de afecto cara aos demais.

#### *Educación para a paz*

- Simular situacións nas que o diálogo e o debate contribúan á resolución de conflitos cotiáns.
- Comprometerse na defensa dos dereitos humanos e na superación de todo tipo de discriminacións e de situacións de insolidariedade, así como amosar respecto e ser tolerante coa diversidade de linguas existentes.
- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e de mellorar a relación cos demais.

#### *Educación moral e cívica*

- Coñecer o funcionamento dalgunhas organizacións sociais do contorno e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia.
- Respetar os restos histórico-artísticos presentes no medio.
- Defender activamente os dereitos e deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e as opinións alleos.

#### *Educación viaria*

- Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dos medios de transporte.

#### *Educación para o lecer*

- Desenvolver a capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.

## **9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **Atención á diversidade**

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con máis apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos
- **AMPLIACIÓN:** Fichas fotocopiáveis e recursos dixitais interactivos con actividades de máis dificultade para a súa resolución, para o tratamento doutros contidos relacionados cos do nivel, etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización.

- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e altas capacidades intelectuais).
- ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo-clase pode estar a traballar o texto da lectura, mentres que varios alumnos poden estar a traballar no seu nivel máis básico o vocabulario, utilizando as ferramentas interactivas. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitábase traballar en diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. O alumnado que remate antes as actividades na aula, poderá facer manualidades relativas a unidade e xogos interactivos en inglés. No caso de clases non presenciais, tamén se lles propoñerá facer este tipo de actividades complementarias.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN/PROXECTOS.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE MEDIANTE MEDIOS DIXITAIS.

## 10. Estratexias para incorporar as TIC na aula

- Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de **recursos integrados**:

<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.</li> </ul>
<i>Ligazóns en Internet</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproveitamento de recursos educativos na Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos de coñecemento.</li> </ul>

Libro Dixital interactivo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Libro proxectable e accesible dende Edixgal, que incorpora elementos de interactividades: actividades, ligazóns, animacións...</li></ul>
---------------------------	--

**PROGRAMACIÓN**

**DIDÁCTICA**

**ÁREA DE RELIXIÓN**

**CATÓLICA**

**(Educación Primaria)**

## ÍNDICE

1. Introducción
2. Contribución da área ao desenvolvemento das Competencias Clave.
3. Concreción do currículo de Relixión por niveis.
4. Orientacións metodolóxicas.
5. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
6. Medidas de Atención a diversidade.
7. Accións de contribución aos proxectos do centro (TICs, proxecto lector, proxecto lingüístico e plan de convivencia)
8. Actividades complementarias e extraescolares.
9. Avaliación da programación.



## 1. INTRODUCCIÓN

A materia de relixión ten unha especial importancia dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, por tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes para alargar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal for a súa manifestación concreta.

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición. Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dunha maneira coherente co propio desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado.

Parte da experiencia humana e desenvólvese de maneira respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

Estrutúrase en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faio nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evangélico, centro do terceiro bloque e eixo vertebrador da materia. Por último, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar que o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

Estes catro bloques que compón a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos( observación da realidade, procura de información, reflexión crítica, exposición e argumentación respetuosa das creencias relixiosas propias e axenas) e actitudes (coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de maneira directa a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, así como das

diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación). Polo tanto permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta expón. É por iso que os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para esta etapa.

## **2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **Comunicación lingüística**

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

### **Competencia dixital**

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

### **Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario proponendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

### **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores a fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

### **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

**3.****CONCRECIÓN DO CURRÍCULO DE RELIXIÓN POR NIVEIS**

Parto da Resolución de 11 de febrero de 2015 de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la enseñanza de Religión Católica de la Educación Primaria y de la Educación Secundaria Obligatoria. BOE 24/02/2015

<b>Competencias Clave (COMP. CLAVE)</b>	<b>Instrumentos de Avaliación (INST. AVAL)</b>
CL - Competencia Lingüística CD - Competencia Dixital CSC - Competencias Sociais e Cívicas CMCT - Competencia Matemática e competencias básicas na Ciencia e Tecnoloxía CEC - Conciencia e Expresions Culturais AAP- Aprender a aprender SIEE - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	PE - Proba Escrita OD - Observación Directa TCL-Traballo na Clase EO- Exposición Oral TC- Traballo na Casa

(\*) En negriña e subliñados os estándares considerados básicos.

## CURSO 6º E.P.

BLOQUE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE	AVALIACIÓN			COMP. CLAVE	INST. AVAL
		1ª	2ª	3ª		
B1	<b>1.1. <u>Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.</u></b>	X			CSC	OD
B1	2.1. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.	X			CEC SIEE	TCL
B1	3.1. Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.	X			CEC CSC	OD
B1	4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	X			AAP CSC SIEE	TCL
B2	1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.		X		CL CSC	TCL
B2	1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.		X		CL CEC SIEE	TCL

B2	1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.		X		AAP CL CSC	OD
----	--	--	---	--	------------------	----

BLOQUE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE	AVALIACIÓN			COMP. CLAVE	INST. AVAL
		1ª	2ª	3ª		
B3	<b>1.1. Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.</b>	X			CL	OD
B3	1.2. Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.	X			CL	TCL
B3	2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos..		X		CSC	TCL
B3	<b>3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.</b>			X	CSC CL	TCL
B3	3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa			X	AAP CD CSC	TCL

B4	<b><u>1.1.Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.</u></b>			X	CL CSC	TCL
B4	<b><u>1.2.Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio..</u></b>			X	CSC CEC	TCL

BLOQUE	ESTÁNDAR APRENDIZAXE	AVALIACIÓN			COMP. CLAVE	INST. AVAL
		1ª	2ª	3ª		
B4	<b><u>2.1. Sinala e explica os principais signos pascuais.</u></b>			X	CEC	OD
B4	<b><u>2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao se atoparen co Resucitado.</u></b>			X	CSC CEC	TCL
B4	3.1. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.			X	CL CSC	OD

Colexio Arealonga

#### **4. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos» (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro).

Neste sentido a materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- ▣ Todos os aprendizaxes estarán orientados a formación integral do ser humano
- ▣ Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.
- ▣ Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.
- ▣ Combinar de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- ▣ Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa. As actividades partirán de experiencias cercanas ao noso alumnado, para progresivamente ir acadando novas aprendizaxes centradas nas experiencias posteriores.
- ▣ Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- ▣ Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético.
- ▣ Terá un carácter flexible e aberto, para poder introducir nela todos os cambios que sexan necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, atendendo á diversidade e permita acadar os obxectivos didácticos e adquirir as competencias clave.

#### **5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, global e formativa a partir do traballo diario do alumno, adaptando o proceso de ensino cando se detecten problemas de aprendizaxe.



Os resultados da avaliación expresaranse numéricamente nos seguintes termos: Insuficiente: 1, 2, 3, 4

Suficiente: 5

Ben: 6

Notable: 7, 8

Sobresaínte: 9, 10

Os procedimentos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

- Observación directa e sistemática : escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.
- Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en:
  - ✓ fichas de actividades de cada U.D.
  - ✓ fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
  - ✓ pequenos traballos
  - ✓ traballo cooperativo
- Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asambleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

Os criterios de cualificación trimestral serán:

Actitude, participación, esforzo, interese e atención na aula.	50%
Traballo diario :control do caderno, traballo na clase, fichas- resumo ou de atención, presentación de pequenos traballos relacionados coa materia explicada, valoración da capacidade de traballo cooperativo, creatividade .	50%

## **6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Levaranse a cabo mediante actividades de reforzo e ampliación permitindo dar unha atención individualizada, segundo as necesidades e o ritmo de aprendizaxe do al

## ❖ **INCORPORACIÓN DAS TIC.**

Para incorporar as TIC na aula proponse:

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas .

## ❖ **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO. Lectura:**

- Lecturas e comentario de textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Relatos bíblicos. • Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

### **Expresión:**

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción e revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.

## ❖ **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

A lingua empregada na asignatura de relixión será o galego, aínda que en algunhas ocasións tamén utilizarei recursos en castelán: Biblia, internet, videos, cancións... pretendendo así que o alumnado empregue e pense indistintamente nas dúas linguas oficiais.

## ❖ **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.**

Traballaremos os principios e valores que emanan da persoa de Xesus Cristo: diálogo, perdón, misericordia... que axudan a afrontar situacións de conflito.

No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación e respecto á diversidade sexan consecuencia da fe cristiá.

## **8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A área de Relixión e Moral Católica contribuirá ás actividades complementarias e extraescolares programadas polo centro na PXA. Implicarémonos de maneira especial nas celebracións de: Nadal, Día da Paz e Pascua.

## 9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		SI	NON	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.			
	Existe unha distribución temporal equilibrada.			
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.			
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>	A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.			
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.			
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .			
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.			
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.			

Colexio Arealonga

356

<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.			
	Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados			

Colexio Arealonga

460

<b>familias</b>	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.			
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.			
	Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer: Aos alumnos. Ás familias.			
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.			
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.			
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.			